

## **SANTÍN, DOCASAR E HERRAIZ ARROUPAN A VICENTE PARRA, “O MELLOR CANDIDATO POSIBLE EN QUIROGA PARA ARREBAR A ALCALDÍA AO PP”**

**Consideran que “é a única alternativa viable de futuro para mellorar a vida dos cidadáns, dando unha gran importancia aos servizos sociais, xa que é un pobo cunha poboación avellentada, á que hai que atender cun servizo de axuda a domicilio especializada”**

**Docasar sinalou que “esta é a nosa oportunidade para impulsar o turismo do concello, aproveitando a súa riqueza paisaxística e produtos autóctonos de altísima calidade, como o viño e o aceite, co fin de que sexan o motor económico do municipio, garantindo así o mantemento dos postos de traballo”**

**A candidatura, segundo explicou o cabeza de lista, aposta “por un Quiroga en positivo e por dar entre todos a esta localidade o pulo que necesita, logo de 30 anos de goberno popular”**

**Quiroga, 10 de maio de 2015.-** O secretario provincial –Juan Carlos González Santín-, o deputado autonómico –Vicente Docasar-, e a deputada no Congreso –Margarita Pérez Herraiz- arrouparon este domingo, durante a visita realizada á feira de Quiroga, á candidatura coa que o Partido Socialista concorre ás eleccións do 24M, e que lidera Vicente Parra. “Este é o mellor candidato posible para conseguir arrebatarse a alcaldía ao PP, unha lista renovada case na súa totalidade para acadar o cambio necesario e dinamizar o municipio”, destacou González Santín.

E é que, segundo afirmou o secretario Provincial, “o proxecto de Parra é a única alternativa viable de futuro para os veciños e veciñas de Quiroga e para mellorar a vida da cidadanía, dando unha gran importancia aos servizos sociais, xa que é un pobo cunha poboación avellentada á que hai que atender correctamente e cun servizo de axuda a domicilio especializado”.

Neste senso, Docasar sinalou que “esta é a nosa oportunidade; unha oportunidade que non deixaremos escapar para impulsar este municipio, aproveitando a súa riqueza paisaxística e patrimonio histórico, e farémolo, ademais, a través dos produtos autóctonos de altísima calidade, como o viño e o aceite, para que sexan o motor económico do municipio, garantido o mantemento do emprego actual e potenciando a creación de novos postos de traballo”.

### **“Quiroga en positivo”**

A candidatura, segundo explicou o cabeza de lista, que destaca por levar vinculado ao partido socialista dende os 24 anos, “afronta con ilusión o reto de dar comezo a unha nova etapa para Quiroga”. “Queremos ofrecer o noso compromiso, a nosa responsabilidade, a nosa honestidade e o noso esforzo para converter este municipio nun espazo de convivencia e progreso para todos”, afirmou Vicente Parra, quen subraiou que “apostamos por un Quiroga en positivo e por dar entre todos a esta localidade o pulo que necesita, logo de 30 anos de goberno popular”.



O alcaldable indicou que “asumimos o difícil e emocionante reto de poñer a institución municipal ao servizo da cidadanía, reformala e dotala de transparencia”, e engadiu “queremos potenciar a participación da cidadanía favorecendo o asociacionismo de todas comunidades veciñais e culturais, fronte ao hermetismo do goberno actual”.

Para conseguir a alcaldía, Parra conta cunha lista “chea de ideas e enerxía para revitalizar o municipio”. É a seguinte:

1. Vicente Parra Vizcaíno
2. Maximina Canseco Prieto
3. Olga Aira Olmo
4. Antonio Marcos Prieto
5. Hermitas García Quiroga
6. María Josefa Macía Prieto
7. José Luís Marcos Macía
8. María Soledad Lolo López
9. Manuel Martínez Losada
10. Daniel Rodríguez Rodríguez
11. Vicente Álvarez Díaz

